

Claves para practicar a neutralidade



CLAVES PARA "TRADUCIR" UNHA ACUSACIÓN OU UNHA QUEIXA MAL FORMULADA A UNHA LINGUAXE NEUTRAL:

Unha das normas da mediación é non acusar. Vou tentar dicir o que ti dixeches, pero dunha forma máis neutral. O que entendín é que cando el/ela (situación ou feito que lle molesta), ti sentes (sentimento que expresou). porque (posible explicación de por que sente así). Que é o que necesitarías?

Ves? é parvo, como pode dicir que eu teño a culpa de que Marta non lle fale?

Agarda un momento, por favor, sabes que unha das normas da mediación é NON insultar. Vou tentar dicir o que ti dixeches, pero con outras palabras.

O que entendo é que cando te fai culpable a ti de que Marta non lle fale, ti enfádaste, porque non crees que sexas culpable. Entendo, ademais, que necesitas saber por que te culpa a ti. Era isto o que querías dicir?



Es unha mentireira! de onde sacas iso?

Un momento, por favor. Terás tempo para falar despois, pero teño que lembrarte que na mediación está prohibido insultar. Se pensas que está equivocada no que di e iso te enfada, terás tempo para explicar despois o teu punto de vista e o que ti sabes e ela terá que escoitar e respectar tamén a túa quenda de palabra. Por favor, respectade as normas da mediación, agardade a vosa quenda e non utilicedes insultos para contarnos o voso punto de vista.

Pero, que clase de mediador es ti? Como consentes que interrompa?

Xustamente íalle pedir ao teu compañeiro/a que agardase, que dentro de moi pouco tempo chegaralle a súa quenda para expresarse. Por favor, tenta respectarnos a nós, que estamos tentando axudarnos. Facémolo o mellor que sabemos. De todos os xeitos, temos que che dar a razón, nesta fase da mediación hai quendas para falar e non podeades interromper, despois tocaralle a el/ela expresarse e serás ti quen deberá escoitar. Pedímosvos que confíades en nós e que nos deades tempo para reaccionar con tranquilidade.

